



Afonso X e Galicia



XUNTA
DE GALICIA



CENTRO RAMON PIREIRO
INSTITUTO DE INVESTIGACIONES LINGÜÍSTICAS

Afonso X e Galicia

Afonso X e Galicia

Mercedes Brea

Pilar Lorenzo Gradín (eds.)

Edita Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación
en Humanidades
Secretario xeral de Política Lingüística
Valentín García Gómez
Coordinador científico do CIRP
Manuel González González
Directora técnica de Literatura
Pilar Lorenzo Gradín

Santiago de Compostela, 2021. 1ª edición

© **Da edición** Centro Ramón Piñeiro
para a Investigación en Humanidades
© **Do texto** Cada un dos autores e autoras do libro
© **Da ilustración** Archivo Histórico Nacional

**Deseño
e maquetación** Fail Better | Diseño editorial
Revisión lingüística Martiña Varela Rodríguez

ISBN 978-84-453-5390-5
Depósito legal C 1608-2021
Lugar de impresión Silleda (Pontevedra)
Imprenta Técnicas & Gramaxe

Índice

IX		Prólogo
XI		Presentación
1	M. Bermúdez Beloso	Alfonso X e a organización do espazo galego: o final dos tenentes?
31	F. J. Pérez Rodríguez	A política eclesiástica de Afonso X no reino de Galicia
59	X. M. Sánchez Sánchez	Afonso X, Galicia e Compostela. Igrexa, cidade e poder
89	M. L. Ríos Rodríguez	Proyección espiritual de la reina Violante en los reinos de Galicia, León y Castilla
115	M. Cendón Fernández/ M. D. Fraga Sampedro	Devociones, imágenes y memoria para una reina. Violante, reina de Castilla, y el convento de Allariz
177	M. García-Fernández	Mulleres nobres entre o reino de Galiza e a corte rexia en tempos de Afonso X: conexións familiares e vínculos culturais
209	X. Ron Fernández	Parentelas aristocráticas galegas na corte de Castela e León desde Afonso X. Os Churrichao e os Rodeiro
259	P. Lorenzo Gradín/ S. Marcenaro	O espazo poético de Afonso X: trobadores e textos
311	A. Resende de Oliveira	A Galiza e os galegos nos cantares e na corte do Sábio
329	D. González	Lingua(s) na corte poética de Afonso X
355	M. Brea	Afonso X e a codificación do galego como lingua poética
385	E. Fidalgo Francisco	Contribución de Afonso X ao léxico galego. Primeira achega
405	E. Corral Díaz	A representación feminina nas cantigas de Afonso X
431	J. Paredes	<i>Galego, Galego, outren irá começo.</i> Galicia en las cantigas satíricas de Afonso X
447	S. Parkinson	Aberturas e finais: rubricas, refrães, estrofos iniciais e estrofos terminais nas <i>Cantigas de Santa María</i>
479	M. Negri	Afonso X e as <i>Cantigas de Santa María</i> localizadas en Galicia
507	J. Escourido	Alfonso X, maestro de poesía: verdad y subjetividad en el Códice Rico

Alfonso X e a organización do espazo galego: o final dos tenentes?

—
Mariña Bermúdez Beloso
Universidade de Santiago de Compostela

Cabeza del regno llamaron los sabios al rey por las razones que desuso son dichas, et á los homes nobles del regno pusieron por miembros; ca bien asi como los miembros facen al home fermoso et apuesto, et se ayuda dellos; otrosi los homes honrados facen el regno noble et apuesto, et ayudan al rey á defenderlo et acrescentarlo (Segunda Partida, Título IX, Lei VI, pp. 67-68).

A figura de Alfonso X é, probablemente, unha das que atraeu, e atrae, máis atención desde distintas disciplinas polas variadas facetas que desenvolveu ao longo da súa vida. Concor dan os estudos en destacar a súa relevancia e excepcionalidade, presentándoo como un dos monarcas máis importantes da España medieval (Valdeón Baruque, 2003: 11), unha das grandes figuras do século XIII (González Jiménez, 2004: 5), ou apuntando a que probablemente non tiña igual intelectual entre os seus contemporáneos rexios (O'Callaghan, 1993: 1). Non sen fundamento, *Emperor of Culture* ou emperador da cultura foi o título elixido para unha obra colectiva sobre o rei Sabio publicada no ano 1990 (Burns, 1990). Poeta, lexislador, historiador, astrónomo..., ao tempo que impulsor doutros intelectuais que desenvolveron a súa tarefa baixo a súa protección, o impacto de Alfonso X é máis que evidente na literatura científica actual, non só nos estudos históricos senón en distintos campos¹. Con todo, aínda son múltiples os aspectos tanto da súa figura como do seu período de goberno que están pendentes de análise.

* Membro do grupo de investigación "Historia Medieval: Sociedade e Territorio" (GI-1548) da Universidade de Santiago de Compostela. Este traballo realizouse ao abeiro dun contrato posdoutoral na Universidade de Santiago de Compostela financiado pola Xunta de Galicia ("Axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral. Modalidade A"), e durante unha estada remota na University of Birmingham debido á pandemia de Covid-19. Parte dos fondos bibliográficos consultados proceden do catálogo en liña da citada institución. Este traballo forma parte do Proxecto de Investigación titulado "Voces, espacios y representaciones femeninas en la lírica gallego-portuguesa" (PID2019-108910GB-C22), financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación.

1 Sirva como exemplo a bibliografía crítica anotada da súa obra poética publicada por J. Snow (2013), con 1.987 entradas. Poderían citarse múltiples títulos sobre a súa restante produción, así como sobre o seu reinado, pero non é o obxectivo deste traballo; remítese aos aparatos bibliográficos das obras de referencia: Cárdenas (1990); González Jiménez (2004: 457-486); González Jiménez/Carmona Ruiz (2012: 729-768); Martínez (2010: 567-573); O'Callaghan (1993: 349-375); Rodríguez Llopis (2001a: 317-322); Valdeón Baruque (2003: 221-228).

Di J. Á. García de Cortázar (2001: 5) que o reinado afonsino é un “quicio entre dos épocas de la Edad Media”, as que a clasificación historiográfica tradicional denomina Plena e Baixa Idade Media. Deixando a un lado os aspectos máis vinculados á actividade cultural e intelectual, e atendendo principalmente ao apartado político, o reinado de Alfonso X chegou a ser considerado en obras do pasado como un fracaso en contraste cos grandes avances territoriais e os logros da unificación dos reinos que conseguira o seu pai Fernando III. Porén, esta visión foi abandonada na historiografía do século XX, non quedando máis que como unha nota de interpretacións que se deron en tempos anteriores agora xa superadas tanto por un mellor coñecemento dos sucesos acontecidos entre 1252 e 1284 como polos cambios nos paradigmas historiográficos².

Hai tres factores fundamentais que cómpre ter presentes á hora de aproximarse ao período, posto que determinaron moitas das accións emprendidas polo monarca: a unificación dos reinos de León e Castela na persoa do seu pai, o rei Fernando III, e que se producira tras o falecemento do seu avó o rei leonés Alfonso IX (González, 1980-1986: I, 232-263); a toma de Sevilla por parte novamente do seu pai no 1248 e da que el participou sendo infante³; e as aspiracións ao trono imperial por vía materna (o chamado *fecho del imperio*), xa que súa nai Beatriz de Suabia era neta do emperador Federico I Barbarroxa⁴. A todo isto súmase unha relación complicada coa nobreza, que chegou a protagonizar enfrontamentos directos co monarca (González Jiménez, 2004: 81-88, 239-272), e tamén co seu herdeiro o infante Sancho (González Jiménez, 2004: 303-328).

Con distinto nivel de incidencia, todos estes acontecementos afectaron ao elemento central do título e tema principal de análise deste traballo: a organización do espazo galego, prestando especial atención a unha figura que chegou a ocupar unha posición destacada neste sistema como foi a dos *tenentes*, e atendendo especialmente á súa presenza (ou non) durante o reinado de Alfonso X.

- 2 A inicios do século pasado, J. A. Sánchez Pérez (ca. 1935: 106-108) criticaba con dureza a visión negativa do monarca: “(...) Casi todos los juicios críticos sobre Alfonso X hechos en los siglos XVIII y XIX son recusables, porque sus autores estaban influenciados por datos falsos o estaban dominados por pasiones basadas en la consideración de hechos aislados. Desconocían la verdadera historia de don Alfonso; (...) no habían llegado a penetrar en el espíritu de este monarca. (...)”. Diversos autores coinciden en sinalar a importancia da obra de A. Ballesteros Beretta (1963), que para M. González Jiménez (2004: 6) constitúe “todo un hito en la historiografía alfonsí, ya que supuso una radical renovación de los conocimientos sobre el largo, complejo y fecundo reinado de Alfonso X”.
- 3 Da participación do infante Alfonso na toma de Sevilla dan conta tanto os traballos centrados na súa figura como na do seu proxenitor; ver entre outros González Jiménez (2004: 34-36); González (1980-1986: I, 363-394); Rodríguez Llopis (2001b: 63); Valdeón Baruque (2003: 27).
- 4 As aspiracións de Alfonso X ao trono imperial adoitan ocupar un lugar relevante nas biografías do monarca. Para máis información remítese ás obras de referencia seguidas neste traballo: O’Callaghan (1993: 198-213); Valdeón Baruque (2003: 65-80); González Jiménez (2004: 107-132, 273-293); Martínez (2010: 121-122).

1. *Tenentes e tenencias*

1.1. Definición e características principais

O primeiro aspecto para iniciar a análise destes dous conceptos é a súa definición, comezando polo elemento principal que é o *tenente*: o *tenente* é aquel que ten. Máis concretamente, que ten o goberno dunha rexión, cidade ou castelo de man do rei, como afirma J. González (1944: I, 343) nun dos primeiros estudos sobre esta figura: “Es el rey el que confía a sus nobles más apreciados la tenencia de regiones, ciudades y aun castillos, solamente para que en su nombre los gobiernen y mantengan (...)”. Exercen por tanto unha función delegada e vinculada á vontade do rei, o que segundo J. Bianchini (2013: 34) se vería reforzado polo uso de *tenens*⁵.

No que concirne á tenencia, é importante remarcar que non se coñece ningún caso de utilización dese termo na documentación (Estepa Díez, 2018: 40). Segundo C. Jular Pérez Alfaro (1990: 59), “la tenencia se define por la existencia del titular que la ostenta”. Esta afirmación non debe facernos pensar nunha identificación única segundo a cal só o territorio que ten un *tenente* á fronte é unha tenencia; distintos estudos concordan en propoñer que eran varias as fórmulas empregadas na documentación para referir a estas figuras, co fío común de expresar a idea de poder delegado polo monarca: *mandante, imperante, dominans in, principans in, comes in, potestas* (González, 1944: I, 343; Bianchini, 2013: 34; Bermúdez Beloso, 2017: 447; Estepa Díez, 2018: 40)⁶. S. Doubleday (2001: 14) ofrece outra recompilación de expresións nunha liña semellante: *princeps terrae, dominus terrae, dominus villae, tenens castelli e tenens terrae*; interesa especialmente esta última xa que introduce un termo moi frecuente na documentación medieval galega, *terra*.

Non se ten constancia ata o momento da existencia dun código lexislativo no que se detallan as funcións de goberno que estas figuras exercían por delegación rexia; con todo, a información que ofrecen as fontes documentais permite identificar distintas facetas do poder do que gozarían no exercicio do cargo. De novo J. González (1944: I, 344) propón unha definición clara: “El tenente hacía las veces de quien le ponía, en nuestro caso del rey, dentro de la jurisdicción encomendada”. Entrando máis en detalle, S. Barton (1997: 107) identifica entre as funcións dos *tenentes* organizar as defensas, levantar tropas en tempos de guerra, cobrar as taxas, administrar xustiza e, no caso dos emprazados na fronteira sur, emprender tarefas de repoboamento⁷.

5 Para J. M^a Mínguez Fernández (2007: 48) “El significado político del término *tenere* a lo largo del siglo XI se desprende de textos que aluden de forma clara a funciones de gobierno encomendadas por el rey a determinados miembros de la nobleza”.

6 O listado de expresións que recompila I. Álvarez Borge (2008: 246) para Castela é máis amplo e exhaustivo, sen que isto implique que no caso galego e leonés non poidan aparecer tamén estas expresións: ademais de *tenente e tenens* engade *dominante, dominus, dominus terrae, dominus villae, dominator, senior in, in, prestamero, prefectus ou praefectus, mandante ou mandans, rectore, procurante e principe*.

7 Funcións semellantes son as que enumeran S. Doubleday (2001: 13-14), e partindo deste autor J. Bianchini (2013: 33-34). Non difiren das enumeradas con anterioridade por J. González (1944: I, 344-347).

Un *tenente* podía estar á fronte de máis dunha tenencia, e de feito era bastante frecuente que se concentraran varias circunscricións baixo o control dunha mesma persoa (González, 1944: I, 344; Jular Pérez-Alfaro, 1990: 89). Documentábase tamén o fenómeno contrario, máis dun *tenente* á fronte dunha única circunscrición, e había incluso a posibilidade de que un *tenente* delegara noutra persoa o exercicio do cargo, exemplificado por medio de fórmulas como *sub manu* (Álvarez Borge, 2008: 250-254)⁸. A pesar de que hai un claro predominio masculino entre as figuras que reciben o privilexio da tenencia, as mulleres podían exercer como *tenentes*; destaca a presenza de integrantes da familia rexia, especialmente raíñas e infantas (Álvarez Borge, 2008: 250-256; Bermúdez Beloso, 2017: 489-492).

Ademais, así como o rei ten a potestade de outorgar unha determinada tenencia a un *tenente* tena tamén para cambiala, de xeito que unha mesma persoa pode aparecer na documentación como responsable dun territorio e tempo despois doutro distinto (González, 1944: I, 344). E aínda que non parece ser o habitual, a documentación permite coñecer casos de *tenentes* despoixados das súas tenencias, como lle aconteceu ao conde Gómez, que en distintos momentos entre o ano 1169 e 1208 foi *tenente* de ata sete das principais *terrae* galegas —Lemos, Limia, Montenegro, Monterroso, Sarria, Toroño e Trastámara— (Bermúdez Beloso, 2017: 477-481), e de quen se sabe que foi expulsado da tenencia entre e 1198 e 1200⁹. En documentos posteriores aparece novamente á fronte de Monterroso e Trastámara, pero non se ten constancia de que volva ocupar o cargo en ningunha das outras.

A figura do conde Gómez serve para ilustrar outro feito que, sen ser chegar a ser norma, si se observa en bastantes casos: a sucesión de membros dunha mesma familia no exercicio do cargo de *tenente*. A el substitúeo seu irmán Rodrigo González, quen en distintos momentos goza das tenencias de Asturias, Montenegro, Nendos, Sarria e Trastámara (Bianchini, 2013: 37-38; Bermúdez Beloso, 2017: 483-485). Certos autores como C. Jular Pérez-Alfaro (1990: 89) ou J. Bianchini (2013: 37-39) demostran, a través de exemplos documentais, a relación entre determinadas familias e a tenencia de certos territorios.

No que respecta á posición social dos e das *tenentes*, esta parece estar directamente relacionada coa entidade territorial que o monarca lles entregaba, xa que non todas eran iguais en tamaño ou prestixio. C. Jular Pérez-Alfaro (1990: 89-90) divídeas entre tenencias menores, maiores e macrotenencias; neste esquema, as máis importantes estarían en mans dunha minoría. Semellante a esta é a clasificación que propón C. Estepa Díez (2018: 51) para o reino de Castela entre 1157 e 1230: macrotenencias, tenencias de grandes centros territoriais, comarcais e locais. Algo distinta é a terminoloxía que propón I. Álva-

8 Aínda que centrado no reinado de Alfonso VIII de Castela, o estudo das tenencias e *tenentes* que fai I. Álvarez Borge (2008: 241-346) resulta de grande utilidade para o coñecemento dos equivalentes galegos e leoneses; entre outros aspectos, moitas das fórmulas que cita este autor están presentes tamén nas fontes galegas.

9 Refiren este episodio distintos autores como González (1944: I, 227), Barton (2008: 86) e Bianchini (2013: 37-39).

rez Borge (2008: 256-261), quen acuña a expresión “tenencias territoriais” para referir a aquelas de maior extensión que abarcan outros distritos ou “tenencias menores”. No que concordan as tres propostas, como expuxera con anterioridade J. González (1994: I, 343), é que as tenencias máis importantes entregábaas o rei “a los nobles de mayor confianza y alcurnia”.

Directamente relacionada coa cuestión da xerarquización territorial está a propia definición dos espazos baixo dominio dun *tenente*. Foi referido o feito de que o termo tenencia é unha convención posterior que non aparece empregado na documentación, e que engloba esa idea esencial de delegación do poder rexio característica destas figuras. Isto non implica que non houbera formas claras de identificación deses territorios, nin que estes non foran realidades estables; non cabe pensar que de cada vez o rei fixese unhas divisións en circunscricións distintas, senón que se servía das entidades territoriais existentes, facilmente recoñecibles polos topónimos que as nomeaban. Ademais disto, certa terminoloxía aparece asociada con frecuencia aos *tenentes*, permitindo unha identificación entre *tenente* e a denominación. Para o caso galego destaca a *terra*, por medio de expresións *tenente terra* + topónimo, que despois se pode atopar tamén como *X in terra* + topónimo ou sen vinculación co *tenente*, *terra* + topónimo.

O estudo dos *tenentes* é, deste xeito, unha ferramenta esencial para o coñecemento das entidades así denominadas, presentes en todo o territorio galego medieval. Estas podían ser de maior extensión, que se corresponderían coas grandes tenencias ou macrotenencias que identificaba C. Jular Pérez-Alfaro (1990: 90) como Trastámara e Limia, ou de dimensións máis reducidas, as tenencias menores na clasificación da indicada autora, cun *tenente* por delegación rexia á fronte¹⁰.

Cómpre, por último, facer referencia ás fontes que se empregan para o seu estudo. Un dos aspectos no que máis regularidade se observa á hora de estudar aos *tenentes* é a posición que ocupan dentro do documento: no sector final, ben actuando como confirmantes ou testemuñas ou ben nas fórmulas de datación. A primeira opción é máis frecuente nos de procedencia rexia, mentres a segunda abunda nos realizados no ámbito privado; J. Bianchini (2013: 34-35) sostén que a comparativa entre os *tenentes* identificados nun e noutro tipo ofrece resultados consistentes, de xeito que os presentes en diplomas rexios coincidirían cos identificados en documentos privados da mesma ou semellante cronoloxía.

A lectura dos dous grupos de fontes permite observar certas prácticas algo diferenciadas, en especial no que respecta aos magnates que foron *tenentes* de varias das grandes *terrae* principais. Nestes casos, en diplomas rexios e especialmente nos privilexios, o *tenente* confirmante é nomeado con todos os territorios sobre os que exercía o seu control. Fronte a isto, en documentos de ámbito privado como unha compravenda que implica

10 Para máis información sobre esta circunscrición ver entre outros Barros; Sousa Soares (1945-1954: I, 222, XI, 44-45); López Alsina (2008: 76-84); Bermúdez Beloso (2017: 392).

a un particular e un mosteiro ese mesmo *tenente* adoita aparecer só como responsable da *terra* dentro da que se localiza o centro monástico ou propiedade vendida. É dicir, é frecuente que na documentación privada se tenda a nomear a tenencia ou tenencias máis próximas ao lugar desde o que se escribe, e non necesariamente todos os territorios baixo control dese *tenente*.

1.2. Evolución cronolóxica dos *tenentes*

No seu *Curso de historia de las instituciones españolas* L. García de Valdeavellano (1968: 500-517) dedica un capítulo á administración do territorio, e nel indica o cambio que se produciu durante os séculos XI e XII cando os reis comezan a ceder o goberno e administración dos territorios a uns magnates chamados *tenentes* (1968: 506). Aborda tamén nestas páxinas a figura do meiriño e a súa evolución desde o século X ata os meiriños maiores do século XIII e o xurdimento nese mesmo século dos adiantados (García de Valdeavellano, 1968: 503-504, 507-511).

Isto leva ata outra cuestión pendente despois de expoñer as principais características dos *tenentes*: coñecer a etapa de difusión destas figuras e o relacionado con elas ata o momento no que o rei Alfonso X accede ao trono. Atendendo inicialmente ao propio termo, C. Estepa Díez (2018: 40) documenta por primeira vez o seu uso no 1049. Ao realizar unha busca semellante nas fontes galegas a través do *Corpus Documentale Latinum Gallecia* (CODOLGA) (2019) un dos primeiros resultados é do ano 1073¹¹, e pouco despois (1084) outra testemuña documental presenta ao tenente do Courel como axente implicado nunha investigación que se leva a cabo por orde do rei Alfonso VI¹². Aínda que con dúas décadas de diferenza entre un (o de 1049) e outro (o de 1073), estas primeiras referencias sitúan o punto de partida na segunda metade do século XI.

Porén, como se expuxo no apartado precedente non é o termo *tenente* e outros derivados do verbo *tenere* a única forma de identificar a estas figuras que exercen o control dun territorio en nome do rei, o que dificulta sinalar un momento preciso como o inicio do novo sistema organizativo. Máis que falar de datas concretas de inicio e fin, faise necesario falar de cambios que progresivamente se van estendendo e consolidando nos territorios das monarquías cristiás peninsulares, con especial atención ao que sucede en Galiza e León. J. M^a Mínguez Fernández (2007: 47) identifica un proceso de busca da afirmación do poder real que se materializaría nas tenencias desde inicios do século XI, nun novo escenario no

11 Como indica a editora, o documento chegou ata hoxe por medio dunha copia realizada por Frei Martín Sarmiento no ano 1748. "Reenante Adefonsus Rex in sancto Jaco de Avis Digagus Episcopus tucu Vistrarius Episcopus tenente illa terra visario de Rex Aris tuxice Vermudo Velásquez" (Moure Pena, 2005: [574-576], d. 3).

12 "Facta est exquisitio in Lauzara que fecit Eita Gosendiz per iussionem imperatoris domni Adefonsi, prolis Fernandi, inter abbatem domnum Fromaricum Samonensem, et Nunum Garsie, qui tenebat Caurel, super hereditatibus et hominibus." (Lucas Álvarez, 1986: 274-275, d. 124).

que a monarquía tería un control máis estrito das novas demarcacións político-administrativas fronte á situación imperante no século X¹³.

Os distintos procesos de divisións e unións dos reinos que se producen entre os séculos XI e XIII serven de referencia para a identificación de etapas que axuden a estruturar o discurso, na liña do que propoñen distintos autores como C. Estepa Díez (2018: 39-72), quen diferencia tres: ata 1157, de 1157 a 1230 e de 1230 a 1300¹⁴. Para este repaso cronolóxico pola evolución das tenencias e *tenentes* seguirase unha división coincidente só en parte: unha primeira etapa ata 1157, ano que marca o final do reinado de Alfonso VII e a separación dos reinos de León e Castela; un segundo período entre 1157 e 1230 no que destaca especialmente o reinado de Alfonso IX, no que se produciu a gran difusión dos *tenentes*; e unha última fase desde a unión definitiva de León e Castela con Fernando III en 1230 ata a súa morte, deixando o reinado do seu fillo e sucesor Alfonso X para unha análise máis detallada¹⁵.

Como se sinalou en liñas precedentes, os listados de confirmantes dos diplomas rexios son unha fonte fundamental para o estudo dos *tenentes* e das circunscricións nas que se estruturaba o territorio galego medieval, e por iso é este o primeiro aspecto no que deterse. A presenza de membros da aristocracia nos documentos solemnes do rei non constitúe unha novidade, pero si o é que xunto co nome e patronímico empecen a figurar topónimos que informan do lugar no que exercían o poder, con distintas fórmulas que van desde a preposición *in* ao propio termo *tenente*. Na documentación dos tres primeiros monarcas do século XI, Alfonso V (999-1028), Vermudo III (1028-1037) e Fernando I (1037-1065) o esquema habitual para os confirmantes é o de nome máis patronímico, acompañado dalgunha das fórmulas habituais como *roborauit*, *conf. (confirmat)*, *ts. (testis)* ou *signum*. Con frecuencia aparece indicado o cargo eclesiástico (*episcopus*, *presbiter*) e tamén a dignidade condal para

13 "(...) la tenencia tal como se está insinuando desde principios del siglo XI (...) define un nuevo tipo de demarcación político-administrativa sobre la que la monarquía va a tener un control cada vez más estricto en contraposición a lo que ha venido sucediendo con los condados a lo largo del siglo X." (Mínguez Fernández, 2007: 47).

14 C. Jular Pérez-Alfaro (1990) na obra aquí citada estuda as figuras dos adiantados e meiriños maiores de León nos séculos XIII e XV, aínda que se remonta á etapa anterior para explicar os seus precedentes. Isto xustifica que só diferencie dúas etapas no que interesa para o estudo dos *tenentes*: de 1157 a 1230 e despois de 1230. Por outra banda, tres das obras de referencia para este traballo teñen cronoloxías máis limitadas: J. González estuda as vidas de Alfonso IX (González, 1944) e Fernando III (González, 1980-1986), mentres J. Bianchini centra a súa análise das tenencias na primeira metade do século XIII (Bianchini, 2013). Outra biografía rexia non citada ata este momento é de S. Vital Fernández (2012) sobre Alfonso VII, e na que tamén hai cabida para o estudo das tenencias no período.

15 A continuación presentarase unha síntese revisada que parte de investigacións previas, en especial do proxecto de tese de doutoramento defendido no ano 2017; dado que a intención é presentar un resumo introdutorio, reduciranse ao máximo posible as referencias documentais, e primarán as alusións ao caso galego e as súas particularidades. Para un estudo máis detallado ver Bermúdez Beloso (2017: 447-498) e a bibliografía incluída no texto.

aqueles que gozaban de tal distinción, mentres que as referencias territoriais son a excepción salvo no caso dos bispos, para quen con frecuencia si se indicaba a sé que ocupaban¹⁶.

Os diplomas emanados da chancelaría de Alfonso VI parecen continuadores destas prácticas no que respecta ás cláusulas finais, aínda que cunha maior xeneralización da identificación dos cargos de quen actuaba como testemuña ou confirmante¹⁷. É nesta época que comezan a aparecer nas fontes galegas as primeiras mencións explícitas a *tenentes*, como un *Petrus Iohannis tenens Montem Rosum* mencionado en Samos¹⁸ ou o *tenente Gallecia* aplicado ao conde Raimundo de Borgoña nun documento de Xubia de 1087 (Montero Díaz, 1935: 63-64, d. X). Este último documento, dirixido ao mosteiro de Xubia, sitúase na esfera dos privados, na que durante o reinado de Alfonso VI se vai incrementando a presenza de referencias a estes delegados do poder rexio, como o citado *tenente* do Courel de 1084 ou o *comite domno Fernando qui tunc Limie terram tenebat* citado nun documento de Celanova do 1085 (Andrade Cernadas, 1995: I, 172-173, d. 110).

Avanzando ata os reinados de Urraca (1109-1126) e Alfonso VII (1126-1157) mantense a tendencia cara un paulatino incremento da presenza dos *tenentes* nas fontes. Unha das fórmulas que se atopa entre os documentos da raíña Urraca é a de *dominans in*, presente entre outros exemplos nun do ano 1112 no que tamén se empregan as fórmulas de *comes in* e *comes de*, e onde Pedro Fróilaz confirma en calidade de *comes in Gallecia*¹⁹. C. Estepa Díez (2018: 46) constata como durante o reinado de Urraca hai nobres que ocupan tenencias en distintas rexións, algo que aumentará con Alfonso VII²⁰. É precisamente no reinado deste

16 C. Estepa Díez (2018: 40) identifica varios casos de tenentes no reinado de Fernando I, pero ningún deles en territorio galego. É por isto que, aínda que nas fontes revisadas non se atopase ningún exemplo de tenentes galegos, non se pode descartar que si existiran. As problemáticas derivadas tanto do volume documental conservado, considerablemente elevado para abordalo no seu conxunto nunha investigación destas características, como da documentación que se perdeu co paso dos séculos fan que sexa moi difícil facer afirmacións categóricas.

17 Sobre a chancelaría de Alfonso VI e máis concretamente as listas de confirmantes e testemuñas dos diplomas emanados desta ver Gamba (1997-1998: I, 292-296).

18 O documento recolle unha doazón do rei Alfonso VI ao mosteiro de Samos, e presenta certos problemas de datación; M. Lucas Álvarez (1986: 172-179, d. 59) propón como data o ano 1099.

19 "Ego tempore ego Gutierri Fernandez maiordomus in curia regine confirmo. Ego Didacus Lopez dominans in Naxara cf.- Ego Comes Rodericus in Castella cf.- Ego Petrus Ansuriz comes in Saldania cf.- Froila Diaz comes in Aguilar cf.- Guter Bermuez comes de Montenegro cf.- Pelagius Gudestei de sancto Pelagio de Lutto cf.- Nuno Pelagiis de Taneo cf.- Froila Arias de Deza cf.- Petrus Alfonsus de Castella cf.- Petrus Froilaz comes in Gallecia cf.- Monio Pelagiz dominans in Monterroso cf.- Rodericus Velaz dominans in Sarria cf.- Bermudus Petriz cf.- Ioannes Ramiriz cf.- Fernandus Ioannes cf.- Ioannes cf.- Petrus cf.- Pelagius cf." (Romaní Martínez, 1989-2008: I, 10-11, d. 10).

20 Para unha perspectiva máis ampla dos *tenentes* en tempos da raíña Urraca e o rei Alfonso VII que vai máis alá da documentación galega ver Vital Fernández (2012: 202-270) e Estepa Díez (2018: 44-51); para unha análise da participación da nobreza galega no reinado de Alfonso VII con atención ao seu papel no control do territorio ver entre outros Vital Fernández (2011: 99-120).

último que o termo *tenens* aparece por primeira vez no tomo A da catedral de Santiago, *Comes Rudericus Martinz [tenens Legionem]* (Lucas Álvarez, 1997: 242-243, d. 98).

Con Fernando II (1157-1188) prodúcese a consolidación definitiva do sistema, e a presenza de *tenentes* nos documentos deste período convértese en algo frecuente, tanto nos emanados da chancelaría rexia como nos de ámbito privado. Isto non significa que aparezan *tenentes* como confirmantes en todos os diplomas reais, senón que se observa a alternancia entre fórmulas nas que non se especifican os territorios baixo control das testemuñas²¹ con outros nos que se si se detallan²².

Sen dúbida o momento de esplendor dos *tenentes* no reino de León e Galiza prodúcese no reinado de Alfonso IX (1188-1230), durante o que se xeneraliza a súa presenza tanto na documentación rexia como na privada. Sinala J. González (1994: I, 226) que o monarca buscou desde o inicio do seu reinado garantir a lealdade dos nobres, cuxo poder se viu máis limitado; proba disto sería o cambio na chancelaría real coa imposición do *tenens* sobre o *comes in* e o *dominans in*. Coincide tamén S. Barton (2008: 85-86) en destacar o abandono da dignidade condal dentro desa vontade de control do rei.

Obsérvase nos privilexios reais deste período unha tendencia a incluír listas de confirmantes considerablemente longas, con exemplos nos que se contan ata 27 nomes dos que 11 son *tenentes* á fronte de 29 territorios diferentes (Lucas Álvarez, 1997: 334-337, d. 142). A presenza destes últimos nas fontes de Alfonso IX permite comprobar, entre outras das características xerais sinaladas, os frecuentes cambios que se producían nos magnates e as circunscricións ao seu cargo, así como a práctica de concentrar varias tenencias en rexións distintas nunha mesma persoa, especialmente frecuente no caso das de maior peso no conxunto do reino.

J. Bianchini (2013: 38-39) interpreta estes trocos como unha proba da intervención directa do monarca, nunha dinámica na que a distribución de dominios territoriais revela as respostas da coroa aos acontecementos. Nesta liña, a autora identifica na década dos anos 20 do século XIII tres grandes agrupacións temporais de tenencias no reino de León, e asocia a súa entrega a unha serie de individuos como parte dun intento do rei de buscar apoios para as infantas Sancha e Dulce como herdeiras ao trono de León e evitar a unificación dos reinos de León e Castela despois de que Fernando III se convertera en rei de Castela (Bianchini, 2013: 39-42).

21 Un exemplo disto é un documento de 1159 conservado en copia no tomo A que recolle a doazón feita por Fernando II á igrexa compostelá da igrexa de santa María de Caldas de Cuntis, ratificado por oito bispos e catro *comites*; detállanse as sés ocupadas polos primeiros, non así as circunscricións controladas polos condes nin polos outros seis confirmantes sen función diferenciada (Lucas Álvarez, 1997: 269-271, d. 111).

22 De novo o tomo A permite coñecer a doazón feita no 1170 polo rei Fernando II á igrexa compostelá do castelo de Alburquerque e a cidade de Arameia, ratificada polo *Comes Rudericus dominans in Sarria, Comes Gomet in Trastamar, Comes Adefonsus dominans in Asturiis* e *Fernandus Roderici in Legione*, entre outros (Lucas Álvarez, 1997: 284-285, d. 119).

A partir de 1230 revértese a tendencia, e o número de *tenentes* na documentación rexia descende considerablemente, non así na privada. Nas avultadas listas de confirmantes dos privilexios de Fernando III figuran os bispos dun e outro reino, así como as figuras máis próximas ao rei, pero a enumeración de territorios redúcese en gran medida e límitase, en moitas ocasións, a identificar aos meiriños de León, Galiza e Castela²³. Este descenso non se percibe na documentación de procedencia non rexia; é máis, no caso por exemplo da conservada nos fondos do mosteiro de Oseira é precisamente nos anos de reinado de Fernando III nos que máis *tenentes* se identifican. Sobre a práctica de concesión das tenencias durante o seu reinado di J. González (1980-1986: I, 124-129) que o rei conservou esta atribución, así como a mobilidade das mesmas, reservando para o seu control algunhas das máis importantes que entregaba a membros moi próximos da súa familia (nai, esposa, primoxénito), sen prexuízo dos magnates do reino que seguiron recibindo importantes tenencias do rei, en moitas ocasións con sucesión de pais a fillos.

2. A organización do territorio na lexislación afonsina

Das múltiples facetas que desempeñou Alfonso X ao longo da súa vida unha das máis destacadas foi a de impulsor da creación de leis para o reino, cun legado que o sitúa como un dos grandes monarcas lexisladores do período medieval non só no ámbito hispano senón tamén europeo. Chegaron a producirse durante o seu reinado tres grandes obras, o *Fuero Real*, o *Espéculo* e as *Sete Partidas*, ligadas á recepción do dereito romano en Castela e León (Valdeón Barunque, 2003: 159-160). Interesa coñecer se nalgún dos códigos se aborda a cuestión da organización dos territorios do reino e os seus responsables, tendo presente o carácter de “modelo teórico, ideal o incluso utópico” destas fontes, tal e como indica C. Jular Pérez-Alfaro (1990: 417) na súa análise.

O máis antigo dos tres textos é o *Fuero Real*, concibido inicialmente como foro municipal de Castela pero que despois se estendeu por outros territorios do reino e que, segundo M. González Jiménez (2004: 94), era unha lei municipal que buscaba suplir o que para o rei era a ausencia de norma aceptable e uniformar xuridicamente Castela. Nos catro libros e 550 leis que o forman non se inclúen disposicións específicas sobre as grandes circunscripcións territoriais do reino nin os seus responsables (Martínez Díez / Ruiz Asencio / Hernández Alonso, 1988).

O *Espéculo* foi elaborado cunha ambición máis ampla, a unificación xurídica de todo o reino (González Jiménez, 2004: 95). Dentro dos seus cinco títulos e preto de 2.500 leis ató-

23 Como exemplo, un documento de 1232 no que Fernando III confirma ao mosteiro de Toxos Outos unhas acoutacións feitas por Alfonso VII, e no que figuran o arcebispo de Toledo, o infante Alfonso, o arcebispo de Compostela, os bispos de Castela, o meiriño de Castela seguido de oito confirmantes só identificados polo nome e apelido, o chanceler do rei, os bispos de León, oito confirmantes identificados polo nome e apelido, o alférez do rei, o mordomo do rei e os meiriños de Galiza e León (Pérez Rodríguez, 2004: 58-60, d. 33).

panse disposicións específicas relativas aos meiriños maiores²⁴ e adiantados²⁵, que atenden especialmente ás características que debían ter as persoas elixidas para o cargo así como as principais funcións e as sancións para quen actuara contra elas, sen que se fagan indicacións acerca da organización dos territorios no nivel inferior a estas grandes circunscricións.

As *Sete Partidas* son probablemente a obra do período afonsino máis coñecida dentro do apartado lexislativo, aínda que non chegaron a estar vixentes ata tempos de Alfonso XI. Dos sete libros que as compoñen é no segundo, *Que fabla de los emperadores, et de los reyes, et de los otros grandes señores en cuyo poder es la justicia temporal*, no que hai de novo disposicións relativas a meiriños e adiantados. Como indica R. I. Burns (2001: 12) non é un tratado de goberno ou administración real senón que se centra na persoa do rei e daqueles que serven na súa corte (calidades, funcións, carácter etc.). Tres leis incluídas no Título IX abordan as cuestións de cal debe ser o adiantado do rei, que deben facer os adiantados maiores postos polo rei nas comarcas e cales deben ser os meiriños maiores e que deben facer²⁶.

Hai ademais cinco leis que se centran especificamente na figura dos adiantados, as chamadas *Leyes de los Adelantados Mayores*, atribuídas a Alfonso X aínda que hai dúbidas de que foran así concibidas polo monarca (Jular Pérez-Alfaro, 1990: 419-424). Nelas abórdanse as cuestións do xuramento dos adiantados (que e como) e a enumeración das súas funcións principais (Real Academia de la Historia, Alfonso X, 1836: 171-177).

3. Análise documental

3.1. As fontes

A situación que se transmite na documentación da etapa final do reinado de Fernando III é radicalmente distinta á do seu pai e predecesor Alfonso IX no que respecta aos *tenentes*, e que ten na autoría (material e intelectual) dos documentos a súa parte máis evidente. Mentres en tempos de Alfonso IX o monarca e a súa chancelaría eran a fonte principal da que emanaban diplomas con listas de considerable lonxitude de *tenentes*, con Fernando III a documentación de orixe privada (ben laica, ben relixiosa) converteuse no principal referente para o estudo destas figuras. Queda saber que aconteceu durante o reinado de

24 Libro II, Título XIII, Lei IIII (*Cómmo deuen sseer onrrados e guardados los merinos del rrey e qué pena deve auer qui los matasse o los dessonrrasse*), e Libro IV, Título III, *De los merinos mayores*, coas dezaioito leis que o forman (Martínez Díez/Ruiz Asencio, 1985: 157-158, 259-274).

25 Libro II, Título XIII, Lei III (*Cómmo deuen sseer onrrados e guardados los adelantados mayores de la corte del rrey e qué pena deve auer qui los matasse o los dessonrrase*) e Libro IV, Título II, Leis V (*Commo deuen seer guardados los adelantados que sson puntos por las merindades e por las comarcas de las tierras*) e VI (*Cómmo deuen sseer onrrados los adelantados e los alcalles e los iuezes que tienen logar del rrey*) (Martínez Díez/Ruiz Asencio, 1985: 157, 245-246).

26 Partida Segunda, Título IX, Lei XIX (*Quál debe ser el adelantado del rey*), Lei XXII (*Qué deben facer los adelantados mayores que son puestos por mano del rey en las comarcas del regno, et cuáles deben seer*) e Lei XXIII (*Quáles deben seer los merinos mayores, et qué deben facer*) (Alfonso X, López, 1851: 87-88, 90-92).

Alfonso X, aínda que a ausencia do termo na lexislación fai supoñer a consolidación dun modelo diplomático rexio no que os *tenentes* non teñen xa cabida²⁷.

O punto de partida para a selección da documentación é un estudo previo no que se levou a cabo o baleirado dos *tenentes* mencionados en doce edicións de documentación galega de época medieval²⁸, e máis concretamente unha táboa na que se recolle a distribución dos *tenentes* en función dos reinados (Bermúdez Beloso, 2017: 665, táboa 44). Nela pódese comprobar o considerable descenso do número de documentos nos que se menciona polo menos un *tenente* (321 con Alfonso IX, 234 con Fernando III e 180 en tempos de Alfonso X) e seleccionar as tres obras con maior presenza: a edición da documentación do mosteiro de Oseira (94 documentos), a do arquivo da catedral de Ourense (47) e a do mosteiro de san Clodio do Ribeiro (25)²⁹. Compróbase ademais que nas indicadas fontes non se rexistrou ningún caso para o reinado do sucesor de Alfonso X, Sancho IV, e só dous con Fernando IV e un con Alfonso XI. Para ampliar a base documental engadiuse a estas tres edicións a *Colección documental do mosteiro de Montederramo* (Lorenzo, 2016), que contén un importante volume de documentos datados no século XIII.

A base final para o estudo dos *tenentes* durante o reinado de Alfonso X confórmana 305 documentos datados entre 1252 e 1284 nos que se identifican 33 persoas distintas máis un concello (o de Monterrei) como responsables de 29 *terrae* máis dous castelos e un *tenente* das igrexas de Caldelas.

Polo que respecta ao outorgante, non se identificou ningún *tenente* en documentación de procedencia rexia. Cómpre indicar que non se teñen en conta os casos nos que se fala de *tenente* en lugar do notario, como acontece nun documento da colección diplomática de Montederramo do ano 1274 no que o rei ordena que non peñoren as vacas do mosteiro de Montederramo, e que o “Maestre Johán Migélllez, tenjente las vezes de Maestre Fernando,

27 No Libro V, Título VIII do *Espéculo* hai dúas leis (VIII e XXII) nas que se aborda a cuestión da *tenencia* pero cun significado distinto, contraposto a *sennoría*: “Onde dezimos que sennorio es aquel poder, que ganan los omnes en las cosas por el derecho de las leys o de las posturas que ffezieron los enperadores e los rreys, para ffazer dello lo que quissieren, (...). E tenencia es apoderamiento de voluntad e de ffecho en aquellas cosas que sse pueden veer e tanner, en tal manera que aquél que las demanda por esta rrazón aya voluntad de las auer e las tenga en ssu poder, (...)” (Martínez Díez/Ruiz Asencio, 1985: 486, 501).

28 No mencionado estudo traballouse coas edicións do tomo de Sobrado (Loscertales de García de Valdeavellano, 1976), tomo de Samos (Lucas Álvarez, 1986), tomo de Celanova (Andrade Cernadas, 1995), tomo A da catedral de Santiago de Compostela (Lucas Álvarez, 1997), tomo de Toxos Outos (Pérez Rodríguez, 2004), arquivo da catedral de Mondoñedo (Cal Pardo, 1999), arquivo da catedral de Ourense (Vaquero Díaz/Pérez Rodríguez, 2010), mosteiro de Oseira (Romaní Martínez, 1989-2008), mosteiro de san Clodio do Ribeiro (Lucas Álvarez/Lucas Domínguez, 1996), mosteiro de Celanova (Vaquero Díaz, 2004), mosteiro de Santiago de Ermelo (Romaní Martínez/Otero Piñeyro Maseda, 2005) e mosteiro de Vilanova de Dozón (Fernández de Viana y Vieites, 2009).

29 Ademais destas edicións, hai unha presenza case anecdótica na dos mosteiros de Celanova (8) e Vilanova de Dozón (6), e ningún exemplo nas restantes.

notario del rey et arçidiano de Çamora, la mandó fazer por mandado del rey.” (Lorenzo, 2016: I, 496-497, 326).

Dada a natureza das institucións nas que se preservaron os documentos en cuestión, estes son de procedencia ben relixiosa (catedral de Ourense e mosteiros de Oseira, san Clodio do Ribeiro e Montederramo principalmente), ben particular, moitos destes últimos relacionados tamén coas indicadas institucións (por exemplo, doazón dun particular a un mosteiro).

A data é o lugar do documento no que aparecen con máis frecuencia as referencias aos *tenentes*, na parte final e antes das testemuñas e subscrición notarial. Indícase o ano, día e mes, logo o monarca reinante, o bispo e a continuación outras figuras destacadas, como o *tenente*, o meiriño en Galiza ou o adiantado. Como exemplo, un documento de venda dunha propiedade na *terra de Camba* do ano 1253:

(...) Facta carta venditionis in die beate Cecilie virginis et martiris Era M^a CC^a XC^a I^a, regnante rege domno A. in Castella et Legione; episcopo lucensi domno Micahele, tenente terram de Camba domno M. Fernandi de Rodeyro, maiorino regis in Gallecia domno Roderico Suerii. (...) (Romaní Martínez, 1989-2008: I, 668-669, d. 708).

Na liña do que sucedía en tempos de Fernando III, os privilexios de Alfonso X presentan extensas confirmacións que inclúen os bispos do reino e os meiriños de León, Castela e Galiza, máis outra serie de figuras ás que non se asocian territorios; fronte a isto, aquí só se menciona ao bispo responsable da *terra* na que se localiza ao ben e ao meiriño real en Galiza, ademais do *tenente*, figura totalmente ausente dos documentos rexios revisados para este traballo³⁰. No caso dos *tenentes* non cabe pensar que, fronte a prácticas de tempos anteriores, só estean á fronte dunha *terra*; máis ben parece que nos documentos de carácter privado se facía referencia a aqueles axentes con acción directa sobre o territorio, máis aló do rei: o meiriño de Galiza, o bispo responsable da diocese á que pertencía o territorio e o *tenente* da entidade territorial en cuestión. Por exemplo no caso de M. Fernández de Rodeiro sábese que, ademais de *tenente* de Camba, tamén o foi de Orcellón, e quizais dalgunha *terra* máis que non se rexistrara na táboa que se inclúe nas páxinas posteriores.

Só en dous dos 305 documentos non se cumpre esta premisa; a mención aparece ao inicio do texto, na presentación das persoas presentes ou implicadas na acción documental³¹.

30 No estudo realizado con anterioridade ao que se fixo referencia ao comezo do apartado comprobouse, sobre unha base documental máis ampla, que aínda que os documentos con *tenentes* galegos de tempos de Alfonso X representan o 22% do total dos identificados, ningún destes documentos ten por outorgante a dito monarca (Bermúdez Beloso, 2017: 466-467). Para máis información sobre os confirmantes nos privilexios reais ver González Jiménez (2004: 69-72).

31 Do ano 1257 é o aforamento que fai Sancho Pérez a Vasco Ordóñez, Xoán Vázquez, Viviano Páez e outro Xoán Vázquez. O texto comeza así: “Jn Dei nomine. Notum sit omnibus tam presentibus quam futuris quod ego, Santius Petri, prelatius ecclesie Sancti Cipriani de Penna, presente et concedente Alfonso Petri de Baruantis, canonico Auriensi et vicario domni Petri Iohannis de Nouoa, tenente Kaldelas, do uobis, (...)” (Lorenzo, 2016: I, 376-377, d. 196). Dous anos máis tarde, de novo Sancho Pérez afora a dous matrimonios

Como xa se sinalou, a de *tenente* non é a única denominación para esta figura, aínda que si é a máis repetida nos casos documentados, ao igual que tampouco é a única grafía empregada. Na táboa incluída como apéndice pódese comprobar que son cinco as variantes identificadas derivadas de *tenens*: *tenente*, *teente*, *ten*, *tenendo* e *teendo*. Á súa vez poden ir acompañadas ou non do nome *terra*, na expresión tamén frecuente en etapas anteriores *tenente terra*, e doutros como *castellum* e *opidum*. Ademais das formas directamente vinculadas co verbo *teneo* aparece na documentación do período o termo *ricohomine*, utilizado por exemplo para Alfonso Fernández, fillo do rei.

A continuación inclúese unha táboa organizada en función das *terrae* que van acompañadas dos nomes de quen estivo á fronte delas e as datas nas que se documentou esta relación (primeira e última referencia documentadas)^{32, 33}.

<i>Terra</i>	<i>Tenente</i>	Datas extremas
Aguiar de Pedraio	Maior Fernández	1275/01
Alba (de Búbal)	Vasco Fernández e García Pérez de Ambía	1257/05
	Martiño Xil	1258/03-1261/11
Allariz	Pedro Páez	1252/02-1255/07
	Martiño Xil	1259/01-1259/02
	Martiño Alfonso	1261/08, 1261/12
	Vasco Fernández e García Pérez de Ambía	1272/07-1275/06
Avión	Nuno González	1275/02
Baños de Molgas	Vasco Fernández	1272/03
Baroncelle	Fernando Eanes	1252/02
Bolo de Senda	Gonzalo Eanes de Novoa	1254/03-1265/04
Búbal	Martiño Alfonso	1264/07
Cabreira	Fernando Eanes	1258/03
	Fernando ³³	1259/10
Caldelas	Pedro Eanes de Novoa	1257/03
	Rodrigo Alfonso	1257/09-1270/04
	Sancho, infante	1272/07-1275/05
	Lopo Alfonso e Vasco Pérez	1277/02

unha herdade en Sacardebois, como recolle un documento que empeza así: "Sub era M^a CC^a XC^a VIJ^a, VIJ^a kalendas iunij. Nouerint uniuersi presentem paginam inspecturi quod presente Fernando Petri, canonico Auriensi, tenente ecclesias de Caldelis et accensum prestante, Sancius Petri, rector ecclesie Sancti Ciprianj de Penna, dat (...)" (Lorenzo, 2016: I, 399, d. 223).

- 32 Entre paréntese inclúense complementos do nome que aparecen só nalgúns documentos, por exemplo a alternancia entre Castela e Castela de Búbal, ambas denominacións referidas ao mesmo territorio. Ademais desta táboa engádese ao final outra versión estruturada en función dos *tenentes* e as distintas *terrae* que se asocia a cada un; nesta segunda táboa inclúese tamén a edición ou edicións na que se identifican as mencións e o número de documentos nos que aparece en cada unha.
- 33 Dada a coincidencia en cronoloxía e nome é bastante probable que este Fernando, tenente de Cabreira, sexa o mesmo que Fernando Eanes, *tenente* de Cabreira e tamén de Limia, Baroncelle, Lobarzá e Souto Vermuí.

Camba	M. Fernández, R. Fernández, P. Fernández	1253/05
	M. Fernández de Rodeiro	1253/11
	M. e R.	1261
Castela (de Búbal)	Gonzalo Eanes de Novoa	1252-1266/04
	Xoán Pérez	1254/03
	Nuno González	1270/04-1278/02
Castro/Castelo Ramiro	Pedro Velasco	1255/02
	Gonzalo Rodríguez	1258/05, 1266/01
Lemos	Andrés (Fernández)	1255/04, 1255/11
	Martiño Xil	1258
	Martiño Alfonso	1262/05-1271/05
Limia	Martiño Xil	1257/07
	Fernando Eanes	1259/04-1260/02
	Martiño Alfonso	1261/10-1270/05
	Martiño Alfonso e Fernando Eanes	1265/03
	Martiño Alfonso e Xoán Fernández	1267/08
	¿?	1269/03
	Xoán Fernández	1272/09-1274/05
Vasco Fernández e García Pérez de Ambía	1277/03-1279/01	
Lobará	Fernando Eanes	1259/04
	Rodrigo Lourenzo	1259/04
Louredo	Gonzalo Rodríguez	1258/01
Monterroso	Rodrigo Gómez	1252/01-1258/08
	Alfonso Fernández (fillo rei)	1264/05-1278/10
Novoa	Gonzalo Eanes de Novoa	1253/08-1265/05
	Rodrigo González	1268/09
	Nuno González	1273/06-1275/11
Orcellón	M. Fernández (de Rodeiro)	1254/03-1260/03
	Martiño González	1262/05-1268/04
Ribadavia	Martiño Xil	1257/04, 1258/08
	F. Eanes de Castro	1271/08
Robreda	Rodrigo Alfonso	1270/01
	Sancho, infante	1274/04-1277/12
San Xoán (de Penacorreira)	Gonzalo Eanes de Novoa	1267/08
	Nuno González	1273/05-1277/06
Souto Vermui	Fernando Eanes	1259/12
	Xoán Fernández	1274/04
Taboada	Xil Fernández	1252/08
	Xoán Xil e Xil Fernández	1252/09
Trastámara	Alfonso Fernández (fillo rei)	1267/02
Val de Laza	Xoán Fernández	1269/03

Dúas ou máis *terrae* cun só *tenente*

Cabreira e Lobarzá	Fernando Eanes	1258/03
	Concello de Monterrei	1261-1284
Castela de Búbal e Bolo de Senda	Gonzalo Eanes de Novoa	1254/08-1261/05
	Xoán	1260/04
Monterroso e Asma	Rodrigo Gómez	1258
Monterroso e Trastámara	Alfonso Fernández (fillo do rei)	1274/04
San Xoán de Penacorneira, Novoa, Castela de Búbal, Bolo de Senda	Gonzalo Eanes de Novoa	1252/08
Trastámara e Condado	Alfonso Fernández, fillo do rei	1273/12
Trives e Caldelas	Rodrigo Alfonso	1260/02
Trives e Robreda	Sancho, infante	1275/01
Valdeorras e Caldelas	Sancho (infante)	1275/06

3.2. Os *tenentes*

Unha vez localizados os nomes dos *tenentes*, a pregunta é: quen eran? Hai dous casos nos que o propio documento informa da natureza distinguida dos magnates: Alfonso Fernández, presentado como fillo do rei³⁴, e o infante Sancho. O primeiro é un dos fillos ilexítimos de Alfonso X, alcumado “o Neno” e señor de Molina (González Jiménez, 2004: 194), da confianza do rei e falecido en 1281 (Martínez, 2010: 95 n. 19, 347 n. 20). O segundo é o futuro rei Sancho IV, ao que se identifica á fronte de Caldelas, Robreda e Trives, aínda que con toda probabilidade eran máis os territorios baixo o seu control tanto dentro como fóra de Galiza.

Estes dous casos apuntan cara unha continuidade na tendencia sinalada por J. González (1980-1986: I, 124-129) para o reinado de Fernando III, quen indicaba que o rei reservaba algunhas das tenencias máis importantes para si e a súa familia directa. Porén, mentres que as circunscricións galegas asociadas a Alfonso Fernández si están entre as máis importantes (Monterroso e Trastámara) non sucede así no caso do infante Sancho, presentado á fronte de Caldelas, Robreda e Trives, de menor entidade. Cómpre mencionar que os documentos nos que se cita a Alfonso Fernández foron todos localizados na edición de fondos do mosteiro de Oseira, mentres os do infante Sancho pertencen aos do mosteiro de Montederramo. Quizais unha distinta práctica notarial puidese estar detrás disto, ou a relación de cada un dos mosteiros cos territorios vinculados a un e outro.

Non son Alfonso Rodríguez e Sancho os únicos descendentes de reis recoñecibles na táboa. Rodrigo Alfonso era fillo ilexítimo de Alfonso IX, e foi un dos beneficiados por Alfonso X no repartimento de Sevilla (González Jiménez, 2004: 61-62); A. Ballesteros Beretta (1963: 522-523) sitúa o seu falecemento entre maio e xuño de 1270. O mesmo parentesco

34 “(...) Reynante rey nosso don Alfonso en Castella et Tolleo et Leon et Galliza et Sivila et Cordova et Murça et in lahen et no Algarve, seu fyo don Alfomso Fernandiç teendo u condado de Trastamar, (...)” (Romaní Martínez, 1989-2008: II, 898-899, d. 942).

é o que relaciona co rei a Martiño Alfonso, outro dos fillos ilexítimos de Alfonso IX que se mantivo próximo a Alfonso X. Aínda que o nome coincide co dun descendente de Alfonso X, tamén ilexítimo, polas datas dos documentos (entre 1262 e 1270) parece que se trataría do tío do rei; esta cronoloxía é compatible coa proposta de A. Ballesteros Beretta (1963: 626), quen sitúa o seu falecemento antes do inicio de 1272.

Ao igual que sucede con monarcas anteriores, é posible identificar entre os nomes das datas iniciais do reinado a magnates que ocuparan posicións destacadas xunto a Fernando III. É o caso por exemplo de Rodrigo Gómez, *tenente* de Monterroso e Asma, membro da familia Traba e fillo do conde Gómez que ocupara as principais tenencias galegas en tempos de Alfonso IX. A súa presenza na documentación prolóngase desde tempos de Alfonso IX³⁵ ata o seu falecemento en 1261 (López Sangil, 2005: 171-183; Pardo de Guevara y Valdés, 2012: 49 n. 5; Souto Cabo, 2013: 203), e é unha figura ben coñecida no século XIII galego como membro do que E. J. Pardo de Guevara define como

(...) un grupo familiar de tan singular resonancia y proyección como fue el de los Traba, cuya trayectoria arranca con el conde Pedro Froilaz, en las primeras décadas del siglo XII, y se extiende hasta la muerte de su tercer nieto, don Rodrigo Gómez, (...) (Pardo de Guevara y Valdés, 2012: 49)³⁶.

No plano político xogou un papel destacado no reinado de Fernando III (González, 1980-1986: I, 171-172), e ao igual que Rodrigo Alfonso estivo entre os beneficiados polo reparatimento de Sevilla (González Jiménez, 2004: 60-62). Ademais desta faceta, J. A. Souto Cabo destaca a súa relación coa lírica galego-portuguesa, como "(...) promotor e protetor do trovadorismo galego-português, talvez desde os inicios do séc. XIII (...)" (Souto Cabo, 2013: 204).

Aínda que non coa identificación das *terrae* baixo o seu control, parte dos nomes que figuran nas dúas táboas deste traballo aparecen como confirmantes en diplomas rexios. Para o caso dos que ocuparon o posto nos primeiros anos do reinado pódese facer a comparativa, por exemplo, cunha confirmación feita por Alfonso X dos privilexios que foran concedidos previamente por Fernando III e Alfonso IX ao mosteiro de Oseira. A quinta columna de confirmantes, que se corresponde cos magnates do reino de León, é a seguinte:

(...) 5ª Col.- Don Rodrigo Alfonso la cf.- Don Martin Alfonso la cf.- Don Ruy Gomez la cf.- Don Ruy Frolaz la cf.- Don Ferrand Yuannes la cf.- Don Martin Gil la cf.- Don Andrea pertigueyo de Santiago la cf.- Don Gonçalvo Ramirez la cf.- Don Rodrigo Rodriguez la cf.- Don Alvaro Diaz la cf.- Don Pelay Perez la cf. (...) (Romaní Martínez, 1989-2008: I, 698-700, d. 739).

35 Está documentado como tenente de Trastámara entre 1214 e 1216 (González, 1944: I, 360).

36 A figura de Rodrigo Gómez atraeu a atención da investigación histórica desde tempo atrás, como proba o artigo de J. Villa-Amil y Castro (1879) "Rodrigo Gómez. Cuadro histórico de las costumbres de la nobleza gallega en el siglo XIII". Máis recentemente J. I. Fernández de Viana y Vieites (1985) publicou "Don Rodrigo Gómez y la sede compostelana", J. L. López Sangil (2005: 171-183) abordou a súa figura no estudo da familia Fróilaz-Traba, mentres J. A. Souto Cabo (2013: 199-206) lle dedica un capítulo no seu traballo *Os trovadores que fizeram as cantigas*, e tamén está presente nos traballos de E.J. Pardo de Guevara y Valdés sobre a nobreza galega (entre outros, en *De linajes, parentelas y grupos de poder*, 2012: 47-49).

Confirman este documento entre outros Rodrigo e Martiño Alfonso (tíos do rei), Rodrigo Gómez, Fernando Eanes, Martiño Xil e Andrés, que á súa vez están entre os identificados na documentación privada á fronte dos territorios galegos de Caldelas, Robreda, Trives, Lemos, Limia, Allariz, Búbal, Monterroso e Trastámara (ver táboas). Catro destas circunstancias encádranse na categoría de tenencias principais ou macrotenencias (Lemos, Limia, Monterroso e Trastámara).

Andreas, pertigueiro maior de Santiago, cargo de nova creación, é con toda probabilidade o mesmo que o *tenente* de Lemos citado en dous documentos de 1255³⁷ (Romaní Martínez, 1989-2008: I, 696-697, 705-706, ds. 737 e 743), membro do grupo familiar dos Castro, de orixe castelá e que segundo E. J. Pardo de Guevara (2012: 53-55) ocuparía o lugar deixado polos Traba tras o falecemento do seu último gran representante, Rodrigo Gómez. Ademais de *tenente* e pertigueiro de Santiago, Andrés Fernández desempeñou o cargo de adiantado maior de Galiza³⁸.

M. González Jiménez (2004: 71-72) identifica a Martiño Xil como un dos homes novos que o rei incorporou á corte tras o seu nomeamento, e que chegou a ocupar a posición de meiriño maior de Galiza, cargo que tamén tería sido ocupado por un tal Munio Fernández entre 1237 e 1253 (González Jiménez, 2004: 70; Pardo de Guevara y Valdés, 2012: 52). Este último podería quizais ser o mesmo que o Munio Fernández de Rodeiro que aparece nas táboas deste traballo á fronte de Camba e de Orcellón entre 1253 e 1260, aínda que neste caso parece máis probable que fose outro membro do grupo familiar dos Rodeiro, o seu sobriño de igual nome e fillo de Fernando *Pelagii* de Rodeiro, irmán do que foi meiriño maior de Galiza (Pardo de Guevara y Valdés, 2012: 50-52).

Non pretende ser este traballo un estudo detallado da nobreza da segunda metade do século XIII, senón unha achega a un dos papeis que este grupo desempeñou durante o reinado de Alfonso X. É por iso que non se inclúe a identificación de cada un dos nomes da táboa, para o que non se dispoñería nin do espazo nin dos coñecementos requiridos. Ademais, as coincidencias na onomástica e os poucos datos recompilados para algún dos nomes dificultan a localización de certos personaxes na bibliografía.

37 Os tres tenentes de Lemos (Andrés Fernández, Martiño Xil e Martiño Alfonso) aparecen nas táboas de tenentes de Lemos de L. M. Ibáñez Beltrán (2020: 262-268), e Andrés Fernández figura na de E. J. Pardo de Guevara y Valdés (2000).

38 M. González Jiménez (2004: 383-384) sinala o ano 1264 como o momento no que o cargo de meiriño maior de Galiza (que ata ese momento estaría ocupado por Rodrigo García Troco) sería substituído polo de adiantado maior, nun proceso que noutros territorios xa se producira en 1258. Nun documento de Oseira datado en 1262 dáselle este título a Andrés Fernández, "(...) don Andreu indeantado de Galizia (...)" (Romaní Martínez, 1989-2008: II, 852-853, d. 894), aínda que noutros documentos posteriores editados na colección documental do mesmo mosteiro volve aparecer como meiriño en Galiza ("(...) dono Andrea maiorino in Galecia (...)" nun documento de 1264: Romaní Martínez, 1989-2008: II, 867, d. 910). Percíbese na documentación de Oseira unha aparente alternancia entre os dous títulos de meiriño e adiantado maior, quizais reflexo dunha percepción de ambas figuras como equivalentes, ou do descoñecemento das alterncias do cargo por parte dos notarios responsables da elaboración dos documentos.

É o caso por exemplo de Lopo Alfonso, *tenente* de Caldelas en 1277 xunto con Vasco Pérez, que quizais podería ser o Lopo Alfonso de Lemos mencionado por E. J. Pardo de Guevara (2012: 288), da liñaxe dos López de Lemos, fillo de Alonso López de Lemos e falecido antes de 1311. No cadro xenealóxico da citada liñaxe do mesmo autor (Pardo de Guevara y Valdés, 2012: táboa V sen paxinar) identificase outra posible coincidencia onomástica cun dos nomes da táboa, a de Vasco Fernández de Lemos, primo de Lopo Alfonso e a quen o autor identifica como citado en 1267. Esta data é compatible coas referencias que figuran na documentación de Montederramo de Vasco Fernández como *tenente* de Allariz e Limia xunto con García Pérez de Ambía, pertencente á súa vez a outra das estirpes que identifica E. J. Pardo de Guevara (2012: 95-97). Porén, no caso de Vasco Fernández hai que sinalar outra coincidencia onomástica máis cun membro da familia Rodeiro, pois un dos irmáns de Munio Fernández de Rodeiro foi igualmente chamado Vasco Fernández (Pardo de Guevara y Valdés, 2012: 52, n. 15).

Tamén se dan coincidencias con membros da liñaxe dos Limia, rama menor dos Traba, aos que novamente fai referencia E. J. Pardo de Guevara (2012: 76-77, 366-367 e n. 12); por cronoloxía, o Xoán Fernández identificado á fronte de Limia, Val de Laza e Souto Vermui entre 1269 e 1274 podería ser o Xoán Fernández adiantado maior de Andalucía con Sancho IV, pai do arcebispo de Santiago Xoán Fernández de Limia, fillo de Fernando Eanes (Fernán Eáns na obra de Pardo de Guevara), *tenente* de Limia, Baroncelle, Cabreira e Lobarzá e Souto Vermui entre 1252 e 1260, e neto do mordomo maior e alférez maior de Alfonso IX Xoán Fernández (Pardo de Guevara y Valdés, 2012: 76-77, 366-367 e n. 12). A conexión coa *terra* de Limia para ambos personaxes apoiaría esta hipótese.

Outro dos grupos familiares que identifica E. J. Pardo de Guevara (2012: 50-51) entre finais do século XII e o XIII e probablemente representado na táboa incluída nas páxinas precedentes é o dos Novoa. Este autor identifica a Gonzalo Annes de Novoa como primeira referencia da familia, e del di que foi *tenente* de Limia, Monterroso, Trastámara e Lemos entre outras; J. A. Souto Cabo (2013: 112) engade ao listado Castela, Búbal, os castelos de San Xoán de Novoa e Pena Corneira, León, Coyanza, Aguiar de Pedraio, Gordón, Cabrera e Benavente, ademais de identificalo como un dos irmáns do trovador Osorio Eanes (Souto Cabo, 2013: 79-123). A data de falecemento que indica, 1228, leva a descartar totalmente a identificación co Gonzalo Eanes de Novoa *tenente* de San Xoán de Penacorreira, Castela de Búbal, Bolo de Senda e Novoa entre 1252 e 1265, pero posiblemente sexa continuador desta liña familiar.

Os Traba, os Novoa, os Rodeiro, os Limia, os López de Lemos e os Castro. A estes seis grupos familiares da nobreza galega do século XIII foron asociados, con distinto grao de certeza, algúns dos nomes incluídos na táboa de *tenentes* identificados durante o reinado de Alfonso X. Outros quedaron sen nomear, como os Taboada, aos que probablemente pertencería Xil Fernández (Pardo de Guevara y Valdés, 2012: 77). Queda tamén por identificar a familia da única muller localizada nas fontes manexadas, Maior ou Mor Fernández, nas tres

ocasiões presentada como “Teente Aguiar dona Mayor Fernández” (Vaquero Díaz/Pérez Rodríguez, 2010: II, 418-419, 424-426, ds. 591, 597, 598), xa que hai máis dunha figura feminina de mesmo nome para unha cronoloxía compatible. Quizais se tratase da Maior Fernández dos Bendaña (Pardo de Guevara y Valdés, 2012: 375) pola coincidencia en nome e datas, pero faltan datos para consolidar a hipótese.

En calquera caso, parece que a relación entre nobreza galega e tenencias territoriais segue vixente no reinado de Alfonso X, aínda que cambiaran as formas de reflexala e se introducira un novo actor na posición, o concello de Monterrei, presentado como *tenente* de Cabreira e Lobarzá en 60 documentos de entre 1261 e 1284³⁹.

Máis alá da identificación dos grupos familiares aos que pertencerían as persoas incluídas na táboa cómpre lembrar a relación dos *tenentes* coas *terrae*. Na táboa obsérvase unha sucesión aparentemente ordenada, sen que se produzan solapamentos ou posibles coincidencias non indicadas nos documentos de dous *tenentes* na mesma *terra* (é dicir, dous *tenentes* identificados á fronte dunha mesma *terra* no mesmo ano pero en documentos distintos). O que si hai é exemplos do que se poderían chamar cotenencias, como sucede na Limia con Martiño Alfonso e Fernando Eanes en 1265 e Martiño Alfonso e Xoán Fernández en 1267. Dada a posición de Martiño Alfonso, é posible imaxinar que Fernando Eanes e Xoán Fernández actuasen como *tenentes de manu*, é dicir, en nome de.


3.3. O territorio

Ao longo das páxinas precedentes fíxose unha referencia constante ao que os *tenentes* recibían de mans do rei, chamándolle ben *terra*, ben circunscrición territorial, entidade ou tenencia, pero mantendo sempre a referencia dos topónimos. Estas entidades non xorden no século XIII senón que se constatan, con distinto grao de antigüidade, desde séculos atrás. As mesmas fontes que nos permiten elaborar listados das distintas circunscricións nas que se organizaba o territorio galego tamén nos permiten coñecer a súa localización. Cómpre matizar isto: non é que se poida obter un mapa exacto e preciso, con límites perfectos, para cada unha delas; en ocasións hai lugares que aparecen asociados a unha *terra* nun documento e á veciña noutra fonte. No mellor dos casos será posible localizar varios puntos concentrados e así identificar un espazo que se correspondería coa *terra x*; ao ir sumando entidades poderase ir parcelando o mapa en busca dunha reconstrución da realidade pretérita.

Sen pretender ofrecer unha reconstrución exacta, a continuación preséntase un mapa con algunhas das *terrae* da contorna dos mosteiros de Montederramo e Oseira a partir da identificación de topónimos en documentos do século XIII; non se representan todas as mencionadas, senón só aquelas para as que se localizou un número significativo de topónimos. Faltan ademais as *terrae* principais da área, Limia e Lemos, polas dificultades asociadas

39 Para coñecer máis sobre Monterrei e a súa relación con Baroncelle, Cabreira e Lobarzá ver entre outros Pérez Rodríguez (2016) e Olivera Serrano (2006).

para o coñecemento preciso da significación territorial das macrotenencias; entre outras cuestións, a importante presenza dos seus *tenentes* na documentación non se traduce necesariamente nun elevado número de localizacións asociadas a eles que axuden á delimitación dos seus perímetros.



Mapa. Ocellón, Castela Bolo de Senda, Búbal, Asma e Caldela no século XIII segundo a documentación de Oseira e Montederramo

Identifícanse dúas áreas asociadas a cada un dos mosteiros: Ocellón, Bolo de Senda, Castela, Búbal e Asma a Oseira, e Caldela a Montederramo. Un dos aspectos que destaca é a diferenza de densidade entre unha zona e a outra; non é que na zona de Montederramo non existan máis entidades, só que para varias delas —Baroncelle, Cabreira, Lobarzá, Trives— só se atoparon unha ou dúas referencias, insuficientes para delimitar espazos. Hai ademais un baleiro entre ambos conxuntos que non é real; boa parte del estaría baixo o control dos *tenentes* de Lemos e Limia, con *terrae* menores en cada unha delas, así como baixo influencia da catedral de Ourense.

A documentación asociada a un e outro centro monástico permite achegarse á organización do territorio máis próximo a eles, así como aos elementos tanto condicionantes como vertebradores do mesmo. No caso de Montederramo e a *terra de Caldela* o río Sil constitúe o límite polo norte, como marcan os puntos máis ao leste: aínda que algo afastados da zona con maior concentración de cadrados mantense o río como linde. A *terra* esténdese pola zona de transición entre o val do río e as formacións montañosas do Macizo Central ourensán, máis concretamente coas serras de San Mamede e de Queixa, que parecen formar outro límite, desta vez unha barreira en altitude.

Ao oeste identifícanse algúns trazos en común; o río Miño eríxese como referente para delimitar a *terra de Asma* polo leste e, a falta de reconstruír as entidades ao oeste, é posible que a serra do Faro xogue un papel similar. A presenza destacada dos ríos é unha constante a todas as entidades representadas: o río Asma atravesa a *terra* homónima, mentres máis ao suroeste Castela, Búbal e Orcellón conflúen ás beiras do Barbantiño, e Orcellón e Castela fan o propio nas do Arenteiro; todo isto cos dous grandes ríos, Miño e Sil, como elementos máis destacados da paisaxe xunto cos vales e montañas.

Mentres que para Caldelas a continuidade toponímica está clara con Castro Caldelas, en Asma dáse o proceso contrario polo que o topónimo antigo acabou sendo substituído polo nome da vila de máis importancia dentro dela, Chantada; Asma conservouse no nome de dúas parroquias. Con respecto aos outros topónimos, Orcellón, Castela e Búbal mantivéronse na organización eclesiástica de época moderna dando nome a tres arciprestados, na actualidade substituídos por Carballiño (Orcellón, Castela e Bolo de Senda) e Ourense Norte (Búbal); non se repite esta circunstancia en ningún dos outros casos⁴⁰.

4. Conclusións

A concepción do reinado de Alfonso X como un couzón entre dúas épocas que expresaba J. Á. García de Cortázar (2001: 5) parece aplicable tamén ao que acontece coa organización do territorio galego e especialmente coas persoas encargadas do seu control e xestión. Utilizando a figura dos *tenentes* como fío condutor percíbense os grandes cambios dos que o século XIII foi testemuña, con Alfonso X como un dos grandes protagonistas. Non se debe pensar nun cambio radical, nunha ruptura total co período anterior que se podería imaxinar pola abundante lexislación producida durante o seu reinado. Como acaidamente lembra C. Jular Pérez-Alfaro (1990: 417-418) as fontes xurídicas afonsinas presentan un modelo teórico e ideal, ao que se debe engadir o feito de que boa parte destas leis non entraron en vigor ata tempo despois do falecemento do seu impulsor, e outras nunca chegaron a estalo.

Pódese identificar ao menos unha motivación común entre os dous Alfonsos que marcaron as dúas metades de século que afecta directamente ao tema tratado neste artigo: a vontade de impoñer un control máis directo, tanto sobre os magnates como sobre os territorios. Aínda que isto non parece máis que unha obviedade, un elemento común a case todos os monarcas medievais, non está de máis lembralo polas consecuencias que tivo sobre o tema elixido neste traballo. No caso do primeiro Alfonso, o IX, traducíuse esta vontade na práctica desaparición dos condes e a extensión xeneralizada dun sistema de *tenentes* e tenencias cuxa asignación dependía da vontade do rei, e que eran ademais temporais e revogables. O seu neto aplicouno dunha forma diferente, cunha reorganización da administración territorial do reino baseada nos meiriños maiores e menores que xa implantara

40 Nas fontes de época moderna o territorio ocupado pola *terra* medieval de Asma corresponderíase cos arciprestados de Chantada e Navego, mentres Caldelas se repartía entre a dignidade ourensá da Mestrescolía e o arciprestado astorgano de Trives-Manzaneda.

Fernando III e nun cargo nacido nas zonas de fronteira e logo estendido ao resto dos territorios, o adiantado maior (González Jiménez, 2004: 382-383).

Hai porén unha gran diferenza no resultado final dos plans dun e doutro rei: os enfrontamentos coa nobreza que derivaron en revolta contra Alfonso X en 1272 afectaron ao goberno do reino, e entre outras cuestións fixeron que o rei freara parte destas innovacións, de xeito que o adiantado maior de Galiza, aparecido cara 1264, xa desaparecera en 1273.

En calquera caso tanto meiriños como adiantados maiores pertencen á esfera das grandes circunscricións territoriais, sen que mostren o que acontecía nas escalas inferiores. É aí onde a documentación de ámbito privado entra en xogo e permite coñecer a continuidade na existencia dos *tenentes*, polo menos no caso galego. Nada leva a supoñer que non seguiran a ser de designación rexia, aínda que tamén é posible que a figura intermedia existente, o meiriño maior ou adiantado maior segundo o momento, xogara un papel de control sobre estes cargos. En ocasións os que nuns documentos son *tenentes* aparecen noutros como meiriños maiores, adiantados ou pertigueiros maiores de Santiago, e é posible situar a moitos deles dentro dos grupos familiares que identifica E. J. Pardo de Guevara no século XIII galego, como sucede cos exemplos comentados de Munio Fernández de Rodeiro ou Andrés Fernández. Disto dedúcese que en época afonsina o cargo de *tenente* seguía a ser ocupado por persoas de elevada posición social, algunhas incluso integrantes da corte do rei, en especial naquelas *terrae* de maior importancia como Lemos ou Limia.

Todo cambia para que todo siga igual, parece a consigna. Porén, o descenso no número de mencións a *tenentes* cara finais do reinado (a maioría de referencias entre 1280 e 1284 correspóndense co concello de Monterrei como *tenente* de Cabreira e Lobarzá) e a constatación da súa práctica desaparición nos reinados posteriores indican que estamos máis ben ante a fin dun sistema e os ensaios de creación dunha nova realidade que será a que se impoña no final do período medieval. Aínda así, no último alento dun sistema que se esvaece é posible observar que a organización do territorio mantén a continuidade cos séculos precedentes. O exemplo analizado a través da documentación de Oseira e Montederramo mostra a existencia tamén no século XIII dunha rede de entidades que se repartían o espazo e o organizaban. Ata cando se pode falar disto é a pregunta que queda no aire.

Apéndice

Táboa de *tenentes* coas *terrae* asociadas a cada un, as datas extremas e indicación da edición⁴¹ na que aparece e número de documentos que se localiza de cada caso.

Tenente	Termo	Terra	Datas extremas	Edición
Alfonso Fernández	tenente/teente/ten	Monterroso	1264/05-1278/10	CD Oseira (21)
	tenente fillo do rei	Monterroso	1268/12-1273/05	CD Oseira (6)
	teendo u condado (fillo do rei)	Trastámara	1267/02	CD Oseira (1)
	rycome (fillo do rei)	Trastámara e Condado	1273/12	CD Oseira (1)
	ricomme (fillo do rei)	Monterroso e Trastámara	1274/04	CD Oseira (1)
Andrés (Fernández)	tenente	Lemos	1255/04-1255/11	CD Oseira (2)
concello de Monterrei	tenente	Cabreira e Lobarzá	1261-1284	CD Montederramo (60)
Fernando ⁴³	tenente	Cabreira	1259/10	CD Montederramo (1)
Fernando Eanes	tenente	Limia	1260/02	CD Oseira (1)
	ricome en	Limia	1259/04	CD Oseira (1)
	tenente	Baroncelle	1252/02	CD Montederramo (1)
	tenente	Cabreira e Lobarzá	1258/03	CD Montederramo (1)
	tenente	Cabreira	1258/03	CD Montederramo (1)
	tenente	Lobarzá	1259/04	CD Montederramo (1)
	teente	Souto Vermui	1259/12	CD Montederramo (1)
	F. Eanes de Castro	tenente	Ribadavia	1271/08
Fernando Pérez	tenente ecclesias	Igrexas de Caldelas	1259/05	CD Montederramo (1)
Gonzalo Eanes de Novoa	tenente	San Xoán de Penacorreira, Novoa, Castela de Búbal, Bolo de Senda	1252/08	CD Oseira (1)
	tenente	Castela de Búbal	1252-1266/04	CD Oseira (10) CD Ourense (4) CD S. Clodio (2)
	tenente	Castela de Búbal e Bolo de Senda	1254/08-1261/05	CD Oseira (4)
	tenente	Novoa	1253/08-1265/05	CD Oseira (1) CD S. Clodio (2)
	tenente	Bolo de Senda	1254/03-1260/02	CD Oseira (7)
	tenente	-	1259/02	CD Ourense (1)
	tenente (terra)	San Xoán (de Penacorreira)	1267/08	CD S. Clodio (4)

41 As abreviaturas empregadas son as seguintes: CD Oseira para a *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de santa María de Oseira* (Romaní Martínez, 1989-2008), CD Montederramo para *Mosteiro de Montederramo. Colección documental e índices* (Lorenzo, 2016) e CD S. Clodio para *El Monasterio de san Clodio do Ribeiro en la Edad Media. Estudio y documentos* (Lucas Álvarez/Lucas Domínguez, 1996).

42 Dada a coincidencia en cronoloxía e nome é bastante probable que este Fernando, tenente de Cabreira, sexa o mesmo que Fernando Eanes, *tenente* de Cabreira e tamén de Limia, Baroncelle, Lobarzá e Souto Vermui.

<i>Tenente</i>	<i>Termo</i>	<i>Terra</i>	<i>Datas extremas</i>	<i>Edición</i>
Gonzalo Eanes de Novoa? Tenente domno G.	tenente (terram)	Novoa	1258	CD Oseira (1)
	tenente (terram)	Castela	1260/05-1260/06	CD Oseira (2)
	tenente (terram)	Bolo de Senda	1265/04	CD Oseira (1)
Gonzalo Rodríguez	tenente terram	Louredo	1258/01	CD Ourense (1)
	tenente castellum/ castellarío Auriense	Castelo Ramiro	1258/05, 1266/01	CD Ourense (2)
Lopo Alfonso e Vasco Pérez	tenentes	Caldelas	1277/02	CD Montederramo (1)
Maior Fernández	teente	Aguiar de Pedraio	1275/01-1275/01	CD Ourense (3)
Martíño Alfonso	tenente/teente	Lemos	1262/05-1269/11	CD Oseira (1) CD Montederramo (5)
	ricome en	Lemos	1271/05	CD Oseira (1)
	tenente/teente/ten	Limia	1261/10-1270/05	CD Ourense (7) CD Montederramo (8)
	tenente	Allariz	1261/08, 1261/12	CD Oseira (1) CD Montederramo (1)
	tenente	Búbal	1264/07	CD Ourense (1)
Martíño Alfonso e Fernando Eanes	tenente	Limia	1265/03	CD Ourense (1)
Martíño Alfonso e Xoán Fernández	ten	Limia	1267/08	CD Montederramo (1)
Martíño González	tenente	Orcellón	1262/05-1268/04	CD Oseira (2)
Martíño Xil	tenente	Lemos	1258	CD Oseira (1)
	tenente opidum	Alba de Búbal	1258/03-1261/11	CD Ourense (1) CD Oseira (1)
	tenente	Limia	1257/07	CD Ourense (1)
	tenente	Allariz	1259/01-1259/02	CD Montederramo (4)
	tenente	Ribadavia	1257/04, 1258/08	CD Oseira (2)
M.Fernández, R.Fernández, P. Fernández	tenentibus	Camba	1253/05	CD Oseira (1)
M. e R.	tenentibus	Camba	1261	CD Oseira (2)
M. Fernández de Rodeiro	tenente (terram)	Camba	1253/11	CD Oseira (1)
	tenente	Orcellón	1254/03-1260/03	CD Oseira (2)
Munio Fernández	tenente	Orcellón	1258/10-1260/11	CD Oseira (2)
Nuno González	tenente (terra)	Castela (de Búbal)	1270/04-1278/02	CD Oseira (2) CD S. Clodio (1)
	tenente	Novoa	1273/06-1275/11	CD S. Clodio (10)
	tenente (terra)	San Xoán (de Penacorreira)	1273/05-1277/06	CD S. Clodio (3)
	tenente	Avión	1275/02	CD S. Clodio (1)
Pedro Eanes de Novoa	tenente	Caldelas	1257/03	CD Montederramo (1)
Pedro Páez	tenente	Allariz	1252/02-1255/07	CD Ourense (19)
Pedro Velasco	tenente	Castro/Castelo Ramiro	1255/02	CD Ourense (1)

Tenente	Termo	Terra	Datas extremas	Edición
Rodrigo Alfonso	tenente/teente/ tenendo/teendo	Caldelas	1257/09-1270/04	CD Ourense (1) CD Montederramo (14)
	teendo	Robreda	1270/01	CD Montederramo (1)
	teendo	Trives e Caldelas	1260/02	CD Montederramo (2)
Rodrigo Gómez	tenente	Monterroso	1252/01-1259/08	CD Oseira (10)
	ricohomine tenente	Monterroso	1252	CD Oseira (1)
	tenente	Monterroso e Asma	1258	CD Oseira (1)
Rodrigo González	tenente	Novoa	1268/09	CD S. Clodio (1)
Rodrigo Lourenzo	tenente	Lobarzá	1259/04	CD Montederramo(1)
Sancho, infante	teente/tenendo/ teendo	Caldelas	1272/07-1275/05	CD Montederramo (5)
	tenente/teendo	Robreda	1274/04-1277/12	CD Montederramo (7)
	teendo	Trives e Robreda	1275/01	CD Montederramo (1)
Sancho	teente	Valdeorras e Caldelas	1275/06	CD Montederramo (1)
Vasco Fernández	tente	Baños de Molgas	1272/03	CD Montederramo (1)
Vasco Fernández e García Pérez de Ambía	tenente	Alba/Alva	1257/05	CD Oseira (1)
	tenente/ten	Allariz	1272/07-1275/06	CD Ourense (1) CD Montederramo (10)
	teente	Limia	1277/03-1279/01	CD Montederramo (3)
Xil Fernández	tenente	Taboada	1252/08	CD Oseira (1)
Xoán	tenente	Castela e Bolo de Senda	1260/04	CD Oseira (1)
Xoán Pérez	tenente	Castela	1254/03	CD Oseira (1)
Xoán Xil e Xil Fernández	tenentibus	Taboada	1252/09	CD Oseira (1)
Xoán Fernández	tenente	Limia	1272/09-1274/05	CD Oseira (1) CD Ourense (1)
	tente (terra)	Val de Laza	1269/03	CD Montederramo (1)
	teente	Souto Vermui	1274/04	CD Montederramo (1)
¿?	tenente	Limia	1269/03	CD Ourense (1)

Bibliografía citada

- Álvarez Borge, I. (2008), *Cambios y alianzas: la política regia en la frontera del Ebro en el reinado de Alfonso VIII de Castilla (1158-1214)*, Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- Andrade Cernadas, J. M. (1995), *O tomo de Celanova: Estudio introductorio, edición e índices (ss. IX-XII)*, 2 vols. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Ballesteros Beretta, A. / Ballesteros Gaibrois, M. (1963), *Alfonso X el Sabio*, Barcelona: Salvat.
- Barros, H. da G. / T. S. Soares (1945-1954), *História da administração pública em Portugal nos séculos XII a XV*, 11 volumes, Lisboa: Livraria Sá da Costa.
- Barton, S. (1997), *The Aristocracy in Twelfth-Century León and Castile*, Cambridge, New York: Cambridge University Press.
- Barton, S. (2008), “Alfonso IX e a nobreza do reino de León”, en F. López Alsina / C. Pena Buján / R. Sánchez Ameijeiras (eds.), *Alfonso IX e a súa época= Alfonso IX y su época: Pro utilitate regni mei*, [A Coruña], [Madrid]: Ayuntamiento de A Coruña, Concello da Coruña; Gobierno de España, Ministerio de Cultura, Sociedad Estatal de Commemoraciones Culturales, pp. 71-87.
- Bermúdez Beloso, M. (2017), *O espazo do occidente peninsular e a súa organización territorial: (ca. 700-ca. 1250)*, Santiago de Compostela: Tese de doutoramento inédita.
- Bianchini, J. (2013), “The Distribution of Tenancies in León, c. 1200-1250: Charter Evidence for a History of Power”, *Journal of Medieval Iberian Studies*, 5 (1), pp. 33-46.
- Burns, R. I., (ed.) (1990), *Emperor of Culture: Alfonso X the Learned of Castile and his Thirteenth-Century Renaissance*, Philadelphia: University of Pennsylvania Press.
- Cal Pardo, E. (1999), *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Ponencia de Patrimonio Histórico.
- Cárdenas, A. J. (1990), “In Search of a King: An Alfonsine Bibliology”, en R. I. Burns, *Emperor of Culture: Alfonso X the Learned of Castile and his Thirteenth-Century Renaissance*, Philadelphia: University of Pennsylvania Press, pp. 198-208.
- Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (CODOLGA), versión 16 (2019), Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, <http://corpus.cirp.es/codolga> [consultado o 10 de xaneiro de 2021].
- Doubleday, S. R. (2001), *The Lara Family. Crown and Nobility in Medieval Spain*, Cambridge (Massachusetts), London (England): Harvard University Press.
- Estepa Díez, C. (2018), “Las tenencias en Castilla y León en los siglos XI al XIII”, en F. Arias Guillén, P. Martínez Sopena, J. A. de Sottomayor-Pizarro (eds.), *Los espacios del rey: Poder y territorio en las monarquías hispánicas (siglos XII-XIV)*, Bilbao: Universidad del País Vasco, pp. 39-72.
- Fernández de Viana y Vieites, J. I. (1985), “Don Rodrigo Gómez y la sede compostelana”, en Instituto cultural galaico-minhoto (ed.), *Actas del II Colóquio Galaico-Minhoto*, Santiago

- De Compostela, 14-16 de abril de 1984*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 107-22.
- Fernández de Viana y Vieites, J. I. (2009), *Colección diplomática do mosteiro de san Pedro de Vilanova de Dozón*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Gambra, A. (1997-1998), *Alfonso VI: Cancillería, curia e imperio*, León: Centro de Estudios e Investigación “San Isidoro”; Caja de España de Inversiones; Caja de Ahorros y Monte de Piedad.
- García de Cortázar y Ruiz de Aguirre, J. Á. (2001), “El reinado de Alfonso X: un quicio entre dos épocas de la Edad Media”, en M. Rodríguez Llopis, *Alfonso X y su época. El siglo del rey sabio*, Barcelona: Carroggio, pp. 5-16.
- García de Valdeavellano y Arcimis, L. (1968), *Curso de historia de las instituciones españolas: de los orígenes al final de la Edad Media*, Madrid: Revista de Occidente.
- González, J. (1944), *Alfonso IX*, Madrid: Instituto Jeronimo Zurita.
- González, J. (1980-1986), *Reinado y diplomas de Fernando III*, 3 vols., Córdoba: Publicaciones del Monte de Piedad y Caja de Ahorros de Córdoba.
- González Jiménez, M. (2004), *Alfonso X el sabio*, Barcelona: Ariel.
- González Jiménez, M. / M^a A. Carmona Ruiz (2012), *Documentación e Itinerario de Alfonso X el Sabio*, Sevilla: Secretariado de Publicaciones, Universidad de Sevilla.
- Ibáñez Beltrán, L. M. (2020), *La villa de Monforte y la tierra de Lemos en la Edad Media*, Santiago de Compostela: Tese de doutoramento inédita.
- Jular Pérez-Alfaro, C. (1990), *Los adelantados y merinos mayores de León (siglos XIII-XV)*, León: Universidad, Servicio de Publicaciones.
- López Alsina, F. (2008), “La articulación de las unidades de organización social del espacio en Galicia durante la Edad Media: villa, parroquia, terra”, en J. Á. Sesma Muñoz, C. Laliena Corbera, L. C. Amaral, *La pervivencia del concepto: nuevas reflexiones sobre la ordenación social del espacio en la Edad Media*, Zaragoza: Grupo de Investigación de Excelencia C.E.M.A., Universidad de Zaragoza, pp. 57-111.
- López, G., Alfonso X (1851), *Las Siete Partidas del rey don Alfonso el Sabio, cotejadas con varios códices antiguos por la Real Academia de la Historia, y glosadas: Tomo Segundo*, París: Librería de Rosa Bouret y Cia, https://reader.digitale-sammlungen.de/de/fs1/object/display/bsb10519228_00009.html?zoom=0.6500000000000001 [consultado o 13 de xaneiro de 2021].
- López Sangil, J. L. (2005), *A nobreza altomedieval galega: a familia Froilaz-Traba*, Noia, A Coruña: Editorial Toxosoutos.
- Lorenzo, R. (2016), *Colección documental do mosteiro de Montederramo*, 3 vols., Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Loscertales de García de Valdeavellano, P. (1976), *Tumbos del Monasterio de Sobrado de los Monjes: tumbo primero y tumbo segundo*, 2 vols., Madrid: Archivo Histórico Nacional.

- Lucas Álvarez, M. (1986), *El Tombo de san Julián de Samos (siglos VIII-XII): Estudio introductorio. Edición Diplomática. Apéndices e índices*, Santiago de Compostela: Caixa Galicia-Publicaciones de la Obra Social.
- Lucas Álvarez, M. (1997), *La documentación del Tombo A de la Catedral de Santiago de Compostela: estudio y edición*, León: Centro de Estudios e Investigación “San Isidoro”, Caja España de Inversiones, Caja de Ahorros y Monte de Piedad, Archivo Histórico Diocesano de León.
- Lucas Álvarez, M. / P. Lucas Domínguez (1996), *El monasterio de san Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudio y documentos*, Sada, A Coruña: Edición do Castro.
- Martínez, H. S. (2010), *Alfonso X, the Learned: A Biography*, Leiden: Brill.
- Martínez Díez, G. / J. M. Ruiz Asencio (1985), *Leyes de Alfonso X I: Espéculo*, Ávila: Fundación Sánchez Albornoz.
- Martínez Díez, G. / J. M. Ruiz Asencio / C. Hernández Alonso (1988), *Leyes de Alfonso X II: Fuero Real*, Ávila: Fundación Sánchez Albornoz.
- Mínguez Fernández, J. M. (2007), “Pervivencia y transformaciones de la concepción y práctica del poder en el Reino de León (siglos X y XI)”, *Studia Historica, Historia Medieval*, 25, pp. 15-65.
- Montero Díaz, S. (1935), “Colección diplomática de san Martín de Jubia”, *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela*, VII, 25, pp. 3-156.
- Moure Pena, T. C. (2005), “Revisión histórico-documental en torno al antiguo monasterio benedictino de san Esteban de Chouzán”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, 2, 12, pp. 125-170.
- O’Callaghan, J. F. (1993), *The Learned King: The Reign of Alfonso X of Castile*, Philadelphia: University of Pennsylvania Press.
- Olivera Serrano, C. (2006), “Los señores y el Estado de Monterrey (siglos XIII-XVI)”, *Cuadernos de Historia de España*, 80, pp. 147-170.
- Pardo de Guevara y Valdés, E. J. (2000), *Los señores de Galicia. Tenentes y condes de Lemos en la Edad Media*, 2 vols., A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Pardo de Guevara y Valdés, E. J. (2012), *De linajes, parentelas y grupos de poder: aportaciones a la historia social de la nobleza bajomedieval gallega*, [Madrid]: Fundación Cultural de la Nobleza Española.
- Pérez Rodríguez, F. J. (2004), *Os Documentos do Tombo de Toxos Outos*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Sección de Patrimonio Histórico.
- Pérez Rodríguez, F. J. (2016), *La villa de Monterrei y su tierra (siglos X-XIX)*, Vigo: Universidade de Vigo.
- Real Academia de la Historia, Alfonso X (1836), *Opúsculos legales del Rey Alfonso X el Sabio: Tomo II. El Fuero Real, las Leyes de los Adelantados Mayores, Las Nuevas y El ordenamiento de las tartuferías; y por apéndice las Leyes del estilo*, Madrid: Imprenta Real, <http://>

- simurg.bibliotecas.csic.es/viewer/image/CSIC000533309_V02/189/ [consultado o 14 de xaneiro de 2021].
- Rodríguez Llopis, M. (ed.) (2001a), *Alfonso X y su época. El siglo del rey Sabio*, Barcelona: Carroggio.
- Rodríguez Llopis, M. (2001b), “El infante don Alfonso (1221-1252)”, en M. Rodríguez Llopis, *Alfonso X y su época. El siglo del rey Sabio*, Barcelona: Carroggio, pp. 47-66.
- Romaní Martínez, M. (1989-2008), *A colección diplomática do mosteiro cisterciense de santa María de Oseira (Ourense), 1025-1310*, 5 volumes, [Santiago de Compostela: Tórculo].
- Romaní Martínez, M. / P. S. Otero Piñeyro Maseda (2005), *El antiguo monasterio de Santiago de Ermelo: estudio, documentación e índices*, Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Xunta de Galicia, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.
- Sánchez Pérez, J. A. (ca. 1935), *Alfonso X el Sabio. Siglo XIII*, Madrid: M. Aguilar.
- Scott, S. P. / R. I. Burns (2001), *Las Siete Partidas: volume 2. Medieval Government: the World of King and Warriors*, Philadelphia: University of Pennsylvania Press.
- Snow, J. T. (2013), *The Poetry of Alfonso X: An Annotated Critical Bibliography (1278-2010)*, Cambridge: Cambridge University Press.
- Souto Cabo, J. A. (2013), *Os cavaleiros que fizeram as cantigas: aproximação às origens socioculturais da lírica galego-portuguesa*, Niterói: Editora da Universidade Federal Fluminense.
- Valdeón Baroque, J. (2003), *Alfonso X el Sabio: la forja de la España moderna*, Madrid: Temas de Hoy.
- Vaquero Díaz, M^a B. (2004), *Colección diplomática do mosteiro de san Salvador de Celanova: (ss. XIII-XV)*, 4 vols., [Santiago de Compostela]: Tórculo.
- Vaquero Díaz, M^a B. / F. J. Pérez Rodríguez (2010), *Colección documental del Archivo de la Catedral de Ourense*, León: Centro de Estudios e Investigación “San Isidoro”, Caja España de inversiones, Archivo Histórico Diocesano.
- Villa-Amil y Castro, J. (1879), “Rodrigo Gómez. Cuadro histórico de las costumbres de la nobleza gallega en el siglo XIII”, *El Heraldo gallego*, VI, 325, pp. 209-212.
- Vital Fernández, S. (2011), “La participación política de la nobleza gallega en el reinado de Alfonso VII (1126-1157). Entre la rebelión y la lealtad al rey”, *Studia historica. Historia medieval*, 29, pp. 99-120.
- Vital Fernández, S. (2012), *Reino e imperio: poder, negociación y articulación interior en época de Alfonso VII*, Salamanca: Tese de doutoramento inédita



Tombo A, Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago

—
Este libro foi impreso no ano xacobeo de 2021, para conmemorar o oitavo centenario do nacemento de Afonso X

